



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo TEU**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 683 Semana do 20 ao 26 de xuño de 2016

URXE MUDAR ESTE MODELO DE CRECEMENTO INXUSTO E DESEQUILIBRADO QUE INCREMENTA A DESIGUALDADE E A POBREZA**DENDE O 2007 OS ASALARIADOS GALEGOS PERDERON 1.211 MILLÓNS DE EUROS, MENTRES QUE AS EMPRESAS GAÑARON 523**

Redacción.- Unha aproximación ao reparto da riqueza, cunha desagregación do PIB en termos de renda, reflicte que se no ano 2000 o conxunto da poboación asalariada percibía en Galicia o 46,5 por cento do PIB e o empresariado o 43,4 por cento, pasados 15 anos, dáse a volta a esta situación. A poboación asalariada percibe o 44,5 por cento do PIB pero é que no caso dos empresarios sube ata o 45,3 por cento.

Resulta evidente que o reparto do PIB empeorou claramente para os salarios fronte á ganancia considerable do excedente e das rendas mixtas en relación ao PIB. Existe un claro transvase do que saen gañando as rendas empresariais.

Que supón isto en termos absolutos? Aínda que sería razoable pensar que coa crise se reduciría o monto total de salarios e beneficios, non foi así en termos agregados. Se se compara o montante total destinado ás persoas traballadoras nos anos 2007 e 2015 obsérvase unha diminución do 4,6 por cento, mentres que os excedentes aumentan un 2,1 por cento. En termos absolutos, os salarios perden 1.211 millóns de euros no período de crise e os excedentes gañan 523 millóns de euros.

As reformas laborais e da negociación colectiva, no punto de mira

Dende UGT-Galicia insítese, unha vez máis, en que os traballadores foron os grandes pagáns dunha crise que eles non xeraron e en que as grandes culpables desta situación que se describe foron as reformas laborais e da negociación colectiva.

As novas normativas contribúen de xeito decisivo á perda de renda dos salarios, deixando a porcentaxe de remuneracións das persoas asalariadas en mínimos históricos, todo o contrario que lles pasa aos excedentes de explotación/rendas mixtas.

Para UGT-Galicia, urxe cambiar este modelo de crecemento inxusto e desequilibrado, que está a incrementar a desigualdade e a pobreza.

Para elo, hai que potenciar o emprego de calidade, os salarios dignos, reforzar a protección social e cambiar o actual modelo produtivo, en liña coas 20 actuacións urxentes polo progreso e o benestar social que propoñen os sindicatos UGT e CCOO aos partidos políticos.

Tamén se observa que nunha fase de expansión económica como a que se vive a partir do ano 2014 os salarios seguen sen medrar como deberían. A actividade crece, medra o emprego pero a mala calidade do mesmo e o deterioro das condicións laborais que produciron as reformas do 2010 e do 2012 fan que os salarios non aumenten en consonancia.

Os baixos salarios e os recortes impostos son os responsables do incremento dos niveis de pobreza e exclusión social

E isto impide que se recupere a demanda, e en consecuencia, estase freando a creación de emprego. Paralelamente, os baixos salarios, xunto cos recortes no sistema de protección social e nos servizos públicos esenciais, son responsables do aumento dos niveis de pobreza e de exclusión social nos últimos anos. No 2014, último dato dispoñible e facilitado polo IGE, o 22,11 por cento da poboación en Galicia atopábase en risco de pobreza ou exclusión social. A nivel estatal, España rexistra o cuarto nivel máis elevado de toda a UE.

Ademais, mentres os salarios diminúen, as empresas ven como se reducen as súas achegas ás arcas da Seguridade Social, o que está contribuíndo a aumentar o déficit desta institución esencial para o sistema de protección social.

Non é posible que os salarios sigan conxelados ou caendo, cando o PIB crece a un ritmo case do tres por cento. Non é admisible que a creación de emprego sexa de tan baixa calidade que, lonxe de supoñer



unha mellora da calidade de vida das traballadoras e traballadores do noso país e das súas familias, siga traducíndose nun empeoramento das súas condicións de traballo e de vida porque a precariedade está a apropiarse do mercado laboral. Non é aceptable que mentres os asalariados viron recortados os seus soldos e a protección por desemprego drasticamente, as empresas reciban cada vez máis subvencións para a contratación que son ineficaces e moi custosas para as arcas do Estado, e que tan só serven para bonificar a precariedade, subvencionar a miseria laboral e financiar que as empresas vaian rebaixando as súas débedas por vía indirecta e inxusta.

UGT non vai aceptar esta situación. Os salarios deben comezar a crecer de inmediato, de maneira clara e xeneralizada, con máis intensidade nos tramos máis baixos, para impulsar o emprego de calidade, fomentar o necesario cambio de modelo produtivo, recompoñer os ingresos da Seguridade Social e reducir as desigualdades e os niveis de pobreza.

Os partidos políticos que se presentan ás eleccións xerais do 26 de xuño deben comprometerse a levar a cabo políticas que dean cumprimento a estas premisas, como se propuxo desde UGT e CCOO co documento "20 actuacións urxentes polo progreso e o benestar social", e que debe traducirse en actuacións concretas desde o primeiro día de mandato do próximo Goberno.

MILES DE PERSOAS SAÍRON ÁS RÚAS GALEGAS PARA DEMANDAR UN CAMBIO DE RUMBO QUE FREE A VIOLACIÓN DE DEREITOS DOS MIGRANTES E REFUXIADOS

Redacción.- Con motivo da celebración o 20 de xuño do Día mundial do refuxiado, convocáronse en todo o país mobilizacións baixo o lema “SOS refuxiados. Refuxio por dereito, Europa á deriva”.

O obxectivo é demandar un cambio de rumbo que free a violación de dereitos das persoas migrantes e refuxiadas.

Porque as políticas europeas de migración e asilo, lonxe de dar unha resposta solidaria, baseada no respecto aos dereitos humanos das persoas migrantes e refuxiadas, puxo en grave perigo as vidas de miles de persoas, moitas delas mulleres e nenos, convertendo o mar Mediterráneo na maior fosa común no mundo onde xa morreron máis de 25.000 persoas nos últimos 15 anos. O pasado 18 de marzo os líderes europeos asinaron unha declaración con Turquía que, ademais de vergonzosa, é ilegal.

Cambiar o enfoque das políticas de migración e asilo

Así, esíxelle á UE e aos seus estados membros cambiar o enfoque das políticas de migración e asilo; cumprir a legalidade europea a internacional; retirar o acordo con Turquía; habilitar vías seguras e legais para que os refuxiados non teñan que arriscar a súa vida en perigosas rutas; garantir unha acollida digna; garantir a protección das organizacións e persoas que apoian á poboación refuxiada; combatir activamente os discursos e narrativas xenófobas; incorporar nas políticas migratorias a nivel europeo o obxectivo da xestión das novas fronteiras invisibles que se están xerando nas cidades; finalizar a militarización da zona que pode derivar en conflitos aínda máis complexos; e apostar por unha política europea e presupostaria común de apoio á situación de refuxiados e migrantes.

O Goberno español debe retirar o seu apoio ao acordo con Turquía

Ao Goberno español se lle esixe



Galería de imaxes das mobilizacións que se convocaron en Galicia



retirar o seu apoio ao acordo con Turquía; axilizar a acollida de refuxiados; reforzar o sistema nacional de acollida de refuxiados co orzamento necesario; respectar escrupulosamente os dereitos humanos na fronteira sur e no resto das fronteiras europeas; velar porque o conxunto dos actores políticos, económicos e sociais non empreguen mensaxes de carácter xenófobo; levar a cabo accións específicas de información e sensibilización da opinión pública española sobre a situación de emerxencia actual e as súas causas; reforzar as políticas de integración; incrementar os fondos para axuda humanitaria e axuda ao desenvolvemento; e defender unha postura nas institucións europeas que sexa reflexo do sentir da sociedade española e que, polo tanto, de-

fenda o cumprimento da legalidade e o respecto aos dereitos humanos.

As mobilizacións sucedéronse en A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo

Para denunciar todo isto e esixir un cambio de enfoque das políticas de migración e asilo, poñendo no centro ás persoas e os seus dereitos, UGT, xunto con CCOO, a CIG e os colectivos que integran a Rede galega de apoio ás persoas refuxiadas, convocaron mobilizacións en toda Galicia nas que participaron miles de persoas. O domingo foron nas cidades de A Coruña, Santiago, Ferrol, Pontevedra e Vigo. Xa o luns, as convocatorias sucedéronse en Lugo e Ourense.

PERMISOS DOS TRABALLADORES POR CONTA ALLEA NAS ELECCIÓN XERAIS DO 26 DE XUÑO

Redacción.- O DOG do 8 de xuño de 2016 publicou os permisos das persoas traballadoras por conta allea de cara ás eleccións xerais do vindeiro 26 de xuño.

Nesta regulamentación establécese que: a) as persoas cun horario de traballo que non coincida co de apertura das mesas electorais, ou que coincida nun período inferior a dúas horas, non terán dereito a permiso retribuído.

b) As persoas cun horario de traballo que coincida en dúas ou máis horas e menos de catro co período de apertura das mesas gozarán dun permiso retribuído de dúas horas.

c) As persoas cun horario de traballo que coincida en catro ou máis horas e menos de seis co período de apertura das mesas electorais terán un permiso retribuído de tres horas.

d) As persoas traballadora por conta allea cun horario de traballo que coincida en seis ou máis horas co período de apertura das mesas, gozarán dun permiso retribuído de catro horas.

En todos os supostos anteriores, cando por tratarse de traballadores a tempo parcial que realicen unha xornada inferior á habi-

tual na actividade, a duración do permiso antes sinalado reducirase en proporción á relación entre a xornada de traballo que se desenvolve e a xornada habitual do traballador contratado a tempo completo na mesma empresa.

Por outra banda, a regulamentación ao respecto establece que correspóndelle ao empresario a distribución, conforme á organización do traballo, do período en que as persoas traballadoras dispoñan de permiso para acudir a votar.

En canto á votación por correo, os traballadores que o día das eleccións non podan exercer o seu dereito ao voto, dispoñan, no seu horario laboral, de ata catro horas libres para poder formular persoalmente a solicitude do certificado de inscrición no censo e a remisión do voto por correo.

Os membros das mesas electorais terán un permiso retribuído durante o día da votación de xornada completa, no caso de non ter en tal data o descanso semanal, e terán dereito a unha redución da súa xornada de traballo de cinco horas o día inmediatamente posterior.



No caso de que algún dos traballadores aos que se refire o parágrafo anterior teñan que traballar na quenda de noite na data inmediatamente anterior ao día da votación, a empresa deberá cambiarlle esta quenda para poder descansar esa noite.

Os que actúen como apoderados terán dereito a un permiso retribuído durante o día da votación se non gozan en tal data do descanso semanal.

Hai que precisar que os empresarios poderán solicitar os xustificantes correspondentes a todos aqueles traballadores que soliciten os permisos anteriormente detallados.

O TRIBUNAL SUPREMO DÁ A RAZÓN A UGT E O TRABALLADOR MANTERÁ A SÚA RETRIBUCIÓN ORDINARIA DURANTE AS VACACIÓNS

Redacción.- O Tribunal Supremo ha dado a razón a UXT nos procedementos establecidos contra a Asociación de Contact Center Española (ACE), por unha banda, e contra Telefónica Móviles, por outro, relativos á retribución do período de vacacións anuais e a consideración de todos os conceptos retributivos ordinarios, e que nun caso similar xa fora resolto polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea, en sentenzas do 22 de maio e do 12 de xuño de 2014.

Nos dous procedementos, o Alto Tribunal rectifica a súa doutrina anterior e considera que mentres duren as vacacións anuais débese manter a retribución ordinaria do traballador, coma se non estivese a gozar das mesmas. Desta forma, a retribución normal ou media que ha de ser abonada aos traballadores durante o seu período de descanso anual, e que debe fixar a negocia-



ción colectiva en cada caso, ha de atender á finalidade do descanso efectivo que teñen as vacacións retribuídas, e non pode disuadir ou desincentivar a súa goce.

O Tribunal Supremo dita que no caso dos conceptos extraordinarios ou que supoñan dobre pago, como pode ser o bonus de deveño anual

en función dos obxectivos, non se debe engadir ao importe para percibir no período vacacional. Con todo, complementos ordinarios como o de carreira comercial ou o de dispoñibilidade si deben estar incluídos no montante para percibir durante as vacacións porque son conceptos obrigatorios e de devengos mensuais para estes traballadores.

AS PERSOAS NECESITAN CANTO ANTES UN GOBERNO DE PROGRESO QUE SOLUCIONE OS SEUS PROBLEMAS

Redacción.- Delegacións de UXT e CCOO, encabezadas polos seus Secretarios Xerais, Pepe Álvarez e Ignacio Fernández Toxo, recibiron este luns a unha delegación de Esquerda Unida, encabezada polo seu Coordinador Federal, Alberto Garzón, co fin de expoñerlles as 20 actuacións urxentes polo Progreso e o Benestar Social que propoñen aos partidos políticos para resolver os principais problemas que afectan os cidadáns.

Unha reunión “cordial e de entendemento”, como manifestou Pepe Álvarez, “cun nivel alto de coincidencias, na que situamos a EU as principais necesidades das persoas deste país”.

“Necesidades que pasan, tras o 26-J, porque canto antes haxa un xiro cara a un Goberno progresista que solucione os problemas máis perentorios das familias e teña en conta o interese da maioría da poboación do noso país”, destacou.

Así o compartiu tamén Alberto Garzón, quen sinalou que “compartimos absolutamente e facemos nosas as 20 actuacións das organizacións sindicais. A saída da crise pasa por unha rexenera-



ción de dereitos sociais e laborais que se perderon por culpa das políticas do Partido Popular”.

Neste sentido, manifestou que é necesario “subir os salarios e as pensións e deixar atrás os recortes e as políticas de austeridade, un modelo que se constatou como fracasado”.

Reunión con Cidadáns

Ao día seguinte, o martes, os Secretarios de Política Sindical de UGT e CCOO, Gonzalo Piñeiro e Ramón Górriz, mantiveron unha reunión co Responsable de Economía, Industria e Co-

ñecemento, Cidadáns, Luís Garicano, para presentarlle tamén as 20 Actuacións que ambos os sindicatos consideran imprescindibles para o progreso e o benestar social de fronte ao próximo 26J.

Nesta xuntanza o secretario de Política Sindical manifestou a sintonía en cuestións como a importancia de recuperar o Diálogo Social ou levar a cabo un Pacto Educativo pero subliñou o rexeitamento frontal das organizacións sindicais á proposta de Cidadáns en materia de contratación xa que o contrato único só significaría un abaratamento do despedimento, a desprotección total do traballador e, por tanto, un aumento da precariedade.

Os mozos de UGT lanzan un Informativo para que os políticos falen dos problemas que lles afectan

Redacción.- No marco da campaña #Decidestú, os mozos de UXT veñen de poñer en marcha un informativo para concienciar á cidadanía e a mocidade, en particular, da importancia das eleccións do 26 de xuño, porque “está na nosa man decidir que modelo de sociedade queremos, e aínda que pode parecer que a política e os políticos nada teñen que ver connosco todo faise desde a política”.

Así o destacan os dous presentadores do vídeo de presentación do “Informativo xu-

venil: o informativo da Mocidade con clase?”.

Un Informativo que ao longo de 5 xornadas, e a través da súa difusión en redes sociais, convida a coñecer as propostas dos diferentes partidos políticos que afectan en primeira persoa aos mozos. Para coñecer que é o que expoñen os partidos aos mozos nos seus programas electorais, está previsto que cada informativo céntrase nun tema: Emprego, Políticas de Mocidade, modelo educativo e sanitario, liberdades e plena cidadanía,

Internacional e novas exiliados.

Esta iniciativa únese á campaña que UXT lanzou nas redes sociais visualizando mensaxes positivas e negativas a través de dúas camisetas: A branca coa mensaxe “Se o cumpres, vótoche?” e a negra coa mensaxe: “Se non derrogas, non che voto?”. O obxectivo de todas estas propostas é concienciar á cidadanía da importancia da súa participación activa á hora de decidir que políticas querren para o seu país.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de **UGT**
ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

140.232 ACCIDENTES DE TRABAJO PODERÍAN TERSE EVITADO EN 2015



Redacción.- UGT considera que os datos de sinistralidade e enfermidades profesionais constata a necesidade de reforzar a prevención de riscos laborais, unha das “20 actuacións urxentes polo Progreso e o Benestar social”, que propoñen os sindicatos aos partidos políticos, para as próximas eleccións do 26J

A aprobación da reforma laboral de 2012, precarizou enormemente o mercado de traballo, incrementándose a temporalidade, a parcialidade e, ao mesmo tempo, a sinistralidade laboral.

O incremento dos accidentes relaciónase tamén co escaso interese das empresas en relación coa prevención. Dá a impresión de que só fan prevención “dunha maneira formalista” co único obxectivo de evitar as sancións. Por outra banda, un 31% dos accidentes ocorridos durante a xornada laboral en 2015 producíronse en postos nos que non se realizou a avaliación de riscos, isto supón

que 140.232 accidentes poderían evitarse se se cumpría coa Lei de Prevención de Riscos Laborais vixente no noso país desde hai 20 anos.

É preocupante ademais que desde o inicio da crise ata os nosos días, está a producirse un transvasamento dos accidentes con baixa cara aos accidentes sen baixa. Do total de accidentes rexistrados en 2015 (1.244.178), 714.930 non causaron a baixa do traballador e 529.248 produciron baixa. Os accidentes sen baixa, ademais de ser máis numerosos, seguen ascendendo con respecto a 2014 nun 2,4%.

Con todo, entre 2012 e 2015, o índice de incidencia dos accidentes con baixa ocorridos durante a xornada laboral, incrementouse tamén, nun 10,3%. Especialmente alarmante foi o incremento do 12,3% do índice de incidencia dos accidentes mortais ocorridos durante a xornada laboral.

Os datos de 2015 revelan ademais que a idade é outra variable ligada á sinistralidade. Os traballadores entre 16 e 24 anos son os que presentan uns maiores índices de incidencia dos accidentes con baixa ocorridos durante a xornada laboral. Con todo, a incidencia dos accidentes mortais é máis elevada entre os traballadores maiores de 55 anos en diante.

Enfermidades profesionais

65 persoas, son vítimas cada día dunha enfermidade profesional. A pesar de que ata maio de 2016 declaráronse máis enfermidades profesionais que no mesmo período do ano anterior, o certo é que se seguen ocultando moitas destas enfermidades. Ademais da infradeclaración destas enfermidades, obsérvase ademais o que vén ocorrendo cos accidentes de traballo. É dicir as enfermidades que non causan baixa, son superiores ás que se ocasionan baixa ao traballador.

É importante destacar ademais que tan só rexistráronse 4 mortes ao ano, como media, por mor dunha enfermidade profesional, durante os últimos 20 anos.

*Índice de incidencia. Defínese como a relación entre o número de accidentes rexistrados nun período de tempo e o número media de persoas expostas ao risco considerado.

50 ORGANIZACIÓNS PIDEN AO GOBERNO QUE REXEITE OS CRITERIOS DE DEFINICIÓN DE CONTAMINANTES HORMONAIS DA COMISIÓN

Redacción.- A proposta de definición de contaminantes hormonais da Comisión Europea é tan estrita que pode deixar sen regular a maior parte destes tóxicos, afectando seriamente á saúde da poboación e a natureza.

“A primeira posibilidade de debate desta proposta foi o 22 de xuño, no Comité Permanente de Plantas Animais Alimentos e Pensos.

Un total de 50 entidades enviaron unha carta á Ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina, e ao Ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, Alfonso Alonso Arnegui, para solicitar que rexeiten os criterios de identificación de contaminantes hormonais propostos pola Comisión Europea o pasado 15 de xuño.

A proposta da Comisión esixe que

exista “unha ampla evidencia de efectos adversos relevantes para a saúde humana como consecuencia dun modo de acción endócrino” para que unha sustancia sexa identificada como contaminante hormonal. Este nivel de demostración, sen precedentes para outras sustancias, implicará que humanos e medio ambiente véxanse danados antes de que se tomen medidas.

A Comisión, extralimitándose nas súas funcións, tamén propón modificar o Regulamento de praguicidas, introducindo modificacións que derivarán nunha exposición continuada e incontrolada a estas preocupantes sustancias químicas.

O vindeiro mércores 22 de xuño, durante o Comité de Biocidas e o Comité Permanente de Plantas, Animais, Alimentos e Pensos será a primeira ocasión para que os representantes españois mostren a súa oposición a estes criterios de identificación.

Na carta enviada aos ministros, as organizacións piden que modifiquen a proposta da Comisión e continúen a liña seguida por España xunto a outros países europeos e as sociedades científicas ata agora: utilizar os criterios de definición da Organización Mundial da Saúde, con categorías baseadas na fortaleza da evidencia existente.

Os contaminantes hormonais son sustancias químicas sintéticas capaces de alterar o funcionamento normal do sistema hormonal de humanos e animais. Numerosos estudos vinculan a súa exposición con graves problemas de saúde, que inclúen infertilidade, diabetes, obesidade, cancro hormono-dependente e alteracións neurolóxicas. Un estudo da Alianza para a Saúde e o Medio Ambiente (HEAL) cifra o custo económico anual de atención ás enfermidades derivadas da exposición a estes tóxicos entre 157.000 e 288.000 millóns de Euros.

O SECTOR DO MAR ESIXE COMPROMISOS NUNHA REUNIÓN CON TODOS OS PARTIDOS PARA UN CAMBIO DE RUMBO

Redacción.- Diversos representantes do sector do mar en Galicia, entre eles o responsable de Mar de SMC-UGT, Luís Figueroa, reuníronse esta martes en Santiago con membros de todos os partidos políticos, PP, PSdeG, BNG, En Marea e Cidadáns, para esixirilles compromisos coas súas reivindicacións, como un saneamento integral das rías, máis cuotas e un reparto máis equitativo de fondos europeos. O obxectivo é que estes se desenvolvan cos novos gobernos que saian das urnas, tanto nas eleccións xerais como nas autonómicas, co fin de conseguir un cambio de rumbo nas políticas pesqueiras.

Entregáronlles a todos os grupos políticos un documento titulado "En defensa do sector do mar", no que diversos colectivos vinculados á pesca desenvolven diferentes reivindicacións que xa foron expostas na manifestación do pasado 27 de febreiro.

Entre estas peticións, destaca unha maior defensa do sector pesqueiro artesanal e marisqueiro, un cambio no obsoleto sistema TAC e cuotas, un etiquetado que identifique a procedencia dos produtos galegos, así como, unha aposta pola acuicultura extensiva e tradicional, en vez de pola intensiva.



Con este texto, os voceiros de pesca do PSdeG, AGE e BNG amosaron o seu compromiso. Pola súa banda, os representantes de Cidadáns afirmaron ter que analizar o escrito aínda que, a simple vista, parece asimilar moitas demandas de senso común.

Durante o debate que se abriu, o voceiro do PP pediu tamén tempo para analizar o escrito, aínda que tamén adiantou estar de acordo con moitos dos puntos do escrito.

Aínda que si é certo que o sector lle achacou parte da responsabilidade da mala situación que atravesamos no mar aos gobernos do PP nestes últimos anos, en Galicia e Madrid.

Un dos Vixiantes de Seguridade de ENCE sálvalle a vida a unha muller

Redacción.- Ás 7:45h. do sábado un vixiante de seguridade da empresa SEGUR IBÉRICA que está a prestar o seu servizo na factoría ENCE Pontevedra, salvou a vida dunha muller que estaba a sufrir un infarto cando se encontrou no seu automóbil, esperando por un familiar que estaba a traballar en dita factoría. O vixiante de seguridade acudiu ao aviso de socorro enviado polo persoal auxiliar da mesma empresa, e utilizando un desfibrilador conseguiu reanimar á muller e salvarlle a vida.

Para FeS UGT Pontevedra esta é unha mostra máis do cambio que está a protagonizar este sector, dando mostras da profesionalidade coa incorporación dos novos coñecementos e utilización dos recursos técnicos postos ao seu alcance para a súa correcta utilización en situacións de emerxencia. Todo isto é a consecuencia directa da implicación que se demanda de formación por parte dos planteles de persoal que teñen as empresas da seguridade privada para ter o mellor dos instrumentos de cara ao desenrolo diario da súa actividade fundamental que é a seguridade e tódalas vertentes derivadas da mesma coa finalidade da complementariedade.

OS TRABALLADORES DO 061 REXEITAN TANTO O TRASLADO Á ESTRADA COMO A FUSIÓN COS SERVIZOS NON SANITARIOS

Redacción.- Os traballadores do 061 teñen que escoitar da Vicepresidencia e C. de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza que "O CIAE 112-Galicia integrará ao sector seguridade (091, 062, 090), ao sector sanitario (061), ao sector asistencial, ao sector contraincendios e salvamento (080), ao sector ambiental (085), sector protección civil e sector salvamento marítimo".

O pasado 1 de xuño de 2016, no transcurso dunha reunión mantida na Xunta de Galicia entre o Sr. Rueda, o Sr. Vázquez Almuiña e a plataforma "Non ao traslado á Estrada", os representantes dos traballadores de Urxencias Sanitarias 061 formularonlles a ambos os dous unha cuestión primordial: pretenden unha fusión de ambos os dous servizos? A resposta dada foi rotunda, negando esta posibilidade.

Os traballadores do 061 quedamos de novo atónitos coa posta en escena do Sr

Rueda publicitando novamente o macroedificio, no que malgastan millóns de euros dos contribuíntes galegos sen necesidade algunha, e onde fai referencia á: "futura integración de organismos ou servizos de atención ás emerxencias baixo o concepto de Xestión Integrada dá Emerxencia (Axega-112, Urxencias Sanitarias-061, Medio Rural-085, Policía Autonómica-091, Servizo de Gardacostas, Protección Civil e Consorcios de Bombeiros)".

Queremos alertar á poboación do grave deterioro que para a súa asistencia sanitaria suporía a devandita fusión, que levaría consigo o desmantelamento do 061 tal e como está concibido. O 061, máis que un número de urxencias, é un Centro Sanitario para toda a comunidade, dende o que se dá resposta non solo á emerxencia sanitaria, senón a calquera tipo de urxencia extrahospitalaria, así como a consulta médica telefónica. Este sistema permite o acceso as 24 ho-

ras do día á poboación galega a un contacto directo co persoal sanitario para resolver calquera tipo de consulta sobre a súa enfermidade, medicación, probas sanitarias, etc.

A Consellería de Presidencia fala tamén dunha "nova plataforma tecnolóxica" esquecendo que o 061 desenvolveu unha plataforma propia, elaborada polos seus propios traballadores que é referencia no sector, e que supuxo un mellora indiscutible e demostrable na atención do cidadán nos seus problemas de saúde.

Pretenden dende a Consellería de Presidencia e a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia reducir a asistencia sanitaria dunha poboación cunha dispersión xeográfica tan importante como a galega, impedindo o seu acceso a un servizo que tantas poboacións